


# CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

21-22 de setembro do 2024

XXV ORDINARIO B



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
COA NATUREZA MALTRATADA,  
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19  
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



## 1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDE DE BENVIDA

🎵 n° 1 *Que ledos hoxe estamos*

*Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Xesús quere ensinar aos seus discípulos e vailles falando da importancia da súa morte e resurrección, pero eles teñen outras cousas das que preocuparse.

Non lles importa tanto o que Xesús lles ten que dicir como ver quen vai ser o máis importante deles cando chegue o Reino. O importante son eu, e o que o Mestre diga xa o escoitarei noutro momento.

Non vos parece que a nós tamén nos pasa iso moitas veces?

Cando escoitamos o Evanxeo, a Palabra de Xesús, cantas veces estamos pensando nas nosas preocupacións e cousas e non poñemos atención ao que escoitamos?

Para poder entender a mensaxe de Xesús temos que ter un corazón sinxelo coma o dun neno que escoita por primeira vez algo que chama a súa atención deixando de lado todo o que o poida distraer.

Vale a pena atender a Palabra de Xesús, é para nós.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante** *Invoquemos a misericordia de Deus polas veces que queremos ter prestixio, grandeza ou poder sen ter en conta o que Xesús nos ensinou coa súa vida de servizo a todos. Queremos pedir perdón porque queremos facelo mellor:*

### Monitor/a

➤ Pedimos perdón por non saber descubrir que a túa novidade consiste en facer grande ao pequeno. Señor, téndenos a túa man

➤ Pedimos perdón por seguir perdendo o noso tempo e as nosas enerxías en discusións inútiles e ridículas, sen decatármonos de que a verdadeira sabedoría está na paz e na comprensión. Cristo, téndenos a túa man

➤ Pedimos perdón por non acabar de entender que seguirte a Ti, supón e esixe dispoñibilidade de servizo e non ambición de poder. Señor, téndenos a túa man

**Celebrante:** *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos, o Señor nos concede o perdón e nos leva á vida eterna. Amén.*

## ORACIÓN PROPIA DO DÍA

**Celebrante:** *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior, porque confiamos no Deus que nos escoita.*

*(silenzo)*

### Celebrante:

Deus, Noso Pai, Ti fixeches consistir a plenitude da lei no amor a Ti e ao próximo.

Fai que cumpramos este mandato para abrírnos camiño cara a vida eterna.

Pedímoscho polo mesmo Xesucristo, teu Fillo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón

### Celebrante:

*Hoxe a carta de Santiago quere darnos resposta a porqué non somos capaces de vivir como verdadeiros cristiáns: pola envexa e o orgullo que move moitas veces a nosa vida.*

*Xesús móstranos como ter a sinxeleza dun neno é o mellor camiño para poder ser un bo discípulo del, por iso o que queira ser primeiro ten que ser o servidor de todos, como El nos deu exemplo coa súa forma de vivir. Escoitámolo agora na Palabra de Deus.*

Leccionario I B páx 247 **Sant 3, 16-4,3** LECTURA

## LECTURA DA CARTA DE SANTIAGO

Benqueridos irmáns e irmás:

Onde hai receos e liortas, dáse tamén alí o descontento e toda caste de ruindades. Pola contra, a sabedoría que vén do ceo é primeiramente pura e despois pacífica, sinxela, acolledora, chea de misericordia e de bos froitos, imparcial, sen finximento. O froito da xustiza seméntano coa paz os que van facendo a paz.

De onde veñen esas guerras e liortas que se dan entre vós? Non será das vosas cobizas, que loitan no voso interior? Degoirades e non tedes; enrabechádesvos e andades cheos de envexa e non logrades cousa; combatédesvos e facédesvos a guerra e non conseguídes porque non o pedides e, se pedides, non recibides, porque pedides só co deveso de satisfacerdes as vosas cobizas.

### Palabra do Señor

🎵 *7 Andarei na presenza do Señor* SALMO

(en pé) *Leccionario I B páx 248 Mc 9, 30-37 EVANXEO*

### PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela, Xesús e mailos seus discípulos marcharon, atravesando a Galilea sen enredar nela, porque non quería que o soubese ninguén; pois ía informando aos discípulos, dicíndolles:

- O Fillo do Home vano entregar nas mans dos homes, que o matarán; pero, despois de morto, pasados tres días, ha resucitar.

Eles non entendían o que lles dicía, pero non se atrevían a preguntarllo.

Chegaron a Cafarnaúm, e, cando estaban na casa, preguntoulles:

- De que viñades discutindo polo camiño?

Eles calaron, porque no camiño discutiran entre si sobre quen era o máis importante. Xesús sentou, chamou polos Doce e díxolles:

- O que queira ser o primeiro, que sexa o derradeiro e o servidor de todos.

E, collendo un neno, púxoo no medio deles e abrazándoo, dixo:

- Quen acolle a un destes nenos no meu nome, acólleme a min; e quen me acolle a min, non é a min a quen acolle, senón a Aquele que me mandou.

### Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón





### Con Xesús, en quen está a verdadeira sabedoría?

- \* Está en quen non corre detrás do poder e do honor.
- \* Está en quen ten grandeza de corazón para as cousas sinxelas, humildes e pequenas.
- \* Está en quen loita procurando paz e non violencia.
- \* Está en quen dá unha man sen preocuparse polo prestixio de ser máis que os demais.
- \* Está en quen fomenta máis diálogo que discusión.
- \* Está en quen opta pola paz e non se deixa levar pola vinganza.
- \* Está en quen dá exemplo nun trato en irmandade acollendo e valorando aos demais sen facer distincións.
- \* Está en quen se coida con responsabilidade para ofrecer aos demais o mellor dos cuidados.
- \* Está en quen loita por deixar un mundo mellor ás xeracións vindeiras.

### (en pé) PROFESIÓN DA FE

**Celebrante:** *Hoxe os discípulos están preocupados por saber quen é o máis importante. Compiten para estar o máis arriba posible. Nós, compartindo agora o credo, optamos polo camiño que propón Xesús: estar cos que máis abaixados están.*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

#### Monitor/a:

*Credes en Deus, Pai e Nai,  
que nos convida a facer unha nova creación  
dende abaixo, dende o lugar dos “últimos”?*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

*Credes en Xesús, o seu Fillo benquerido,  
que se fixo pobre  
para estar cerca dos empobrecidos?*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

*Credes no Espírito Santo  
que nos descubre no noso interior  
que os criterios do evanxeo valen a pena?*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

*Credes na igrexa, nunha igrexa pobre e sinxela,  
lonxe do poder e da grandeza,  
e comprometida á beira das persoas maltratadas?*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*



## ORACIÓN UNIVERSAL

**Celebrante:** *Na nosa oración de hoxe queremos ter presente as dores, loitas e sufrimentos dos nosos irmáns e irmás. Rezamos dicindo:*

**APRÉNDENOS A DAR UNHA MAN, SEÑOR**

**Monitor/a**

- ✓ Pola Igrexa, da que todos formamos parte, para que no facer do día a día saibamos mostrar que vivimos para servir á comunidade e non aos nosos amigos ou intereses, oremos
- ✓ Polas nosas comunidades e parroquias, para que non esquezamos nunca que o froito da xustiza seméntase coa paz, e deixemos atrás rivalidades, enfrontamentos e liortas, oremos
- ✓ Polas vítimas da violencia de xénero e as súas familias, que sempre atopen o noso apoio e axuda, oremos
- ✓ Por todos nós, porque só se traballamos por facer da vida un encontro permanente de servizo a quen necesita de nós: refuxiados, enfermos, tristes, anciáns, pobres... conseguiremos levar con dignidade o nome de cristiáns, oremos

**Celebrante:** *Señor Xesús, écheshnos de vida e atendes a nosa voz. En Ti confiamos e queremos ser de verdade servidores dos demais coma Ti nos ensinaches. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

## 3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

### NOSO PAI

**Celebrante:** *Acudimos ao Pai e pedímoslle que non nos deixe caer na tentación de querer ser os primeiros. Que El nos axude a ser coherentes con esta oración que hoxe facemos:*

*NOSO PAI ...*



### SIGNO DA PAZ

**Celebrante** *O froito da xustiza seméntano coa paz os que van facendo a paz, dicía a Carta de Santiago.*

*A día de hoxe son moitas as persoas e pobos que malviven violencia. Son moitas as persoas e pobos que soñan tempos de paz. Sementémola coa nosa vida, pois está nas nosas mans.*

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

## COMUÑÓN

**Celebrante:** *Os discípulos tiveron que ir pouco a pouco descubrindo que valía a pena compartir con Xesús a tenrura coa que facía ben. Descubriron que El non competía para ser máis que os demais, ao contrario, El ensinaba e compartía á beira das persoas que menos contaban.*

*Sintámonos orgullosos por vivir a fe a exemplo de Xesús, compartindo e non competindo, e orgullosos tamén por poder enchernos de vida con este pan do Señor.*

*Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar*

🎵 **nº 50 Na tardiña baixa da vida**

## 4.- AVISOS E DESPEDIDA

### ORACIÓN FINAL

**Celebrante:**

Señor, Ti aliméntasnos co teu pan e aléntasnos coa túa Palabra.

Sostenos sempre coa túa axuda bondadosa, para que se faga realidade na nosa vida a salvación que celebramos nestes misterios, e aléntanos para sermos unha man de agarimo á beira das persoas que hoxe menos contan.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén

*Nós, que queremos?: Ser os máis importantes? Os máis famosos? Os mellor vistos? Ou, pola contra, ser os últimos? Os servidores dos necesitados? Os que queren dar unha man?*



“Quen queira ser o primeiro sexa o máis servicial”

*Palabras do evanxeo de hoxe.*



*Avísase das misas (ver folla do mes)*

*Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*

🎵 **nº 56 Ide e pregoade**

*Podémonos ir en paz. Amén*